



## Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
<b>Asignatura (*)</b>	Gramática Galega	<b>Código</b>	613G02040		
<b>Titulación</b>	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6	
<b>Idioma</b>	Galego				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Letras				
<b>Coordinación</b>	López Viñas, Xoán	<b>Correo electrónico</b>	xoan.lopezv@udc.es		
<b>Profesorado</b>	López Viñas, Xoán	<b>Correo electrónico</b>	xoan.lopezv@udc.es		
<b>Web</b>					
<b>Descrición xeral</b>	Estudo do funcionamento das estruturas morfosintácticas e textuais do galego, con atención particularizada aos fenómenos lingüísticos máis salientábeis e á identificación e descrición das súas unidades constitutivas.				



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se prevé alterar os contidos inicialmente previstos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen -Recensión bibliográfica -Traballo tutelado</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican A presentación oral desaparece. A sesións maxistras serán impartidas por Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado -Correo electrónico. Todos os días, segundo a dispoñibilidade e necesidades do alumnado. Utilizarase para formular pequenas consultas, programar titorías ou resolver dúbidas sobre as actividades marcadas polo profesorado. -Moodle. Todos os días, segundo a dispoñibilidade do alumnado, para desenvolver os contidos teóricos da materia. -Teams. Todos os días, segundo a dispoñibilidade do alumnado. Empregarase: (i) Para as sesións maxistras (1 semanal para todo o grupo) na faixa horaria da materia. (ii) Para as cuestións derivadas do desenvolvemento de contidos prácticos (1 semanal para todo o grupo), igualmente na faixa horaria da materia. (iii) Para o acompañamento personalizado dos traballos tutelados e de diversas actividades (1 ou máis no horario que mellor conviña ao alumnado).</p> <p>4. Modificacións na avaliación Deixa de ser pertinente a puntuación referidas a la presentación oral, que se incorpora á cualificación do traballo tutelado. -Traballo tutelado (35%). A descrición é a mesma que a que figura na guía docente -Proba mixta (50%). A descrición é idéntica á que figura na guía docente. As lecturas obrigatorias para cada tema serán avaliadas tamén nesta proba (10%). -Recensión (15%). A descrición corresponde á que vén na guía docente</p> <p>*Observacións de avaliación: Mantéñense, no xeral, as mesmas directrices que as que figuran na Guía docente. Con todo, a data de entrega do traballo tutelado e da recensión poderá ser ampliada até coincidir coa data oficial do exame, aprobada no seu día pola Xunta da Facultade de Filoloxía. Para superar a materia, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5. Para a realización da proba mixta, esta será enviada ao alumnado a través do correo electrónico no día e hora marcados. O estudantado disporá até ás 14h00 do día seguinte para su remisión ao profesor. A segunda oportunidade de xullo estará determinada polos mesmos condicionalismos que a de xuño.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Mantense a relación fundamental de referencias bibliográficas marcadas na guía docente. No entanto, tamén é preciso ponderarmos algunhas alteracións no tocante a outros aspectos da bibliografía: (i) As lecturas poderán ser mudadas por outras accesíbeis na rede ou dispoñibilizadas expresamente para o alumnado. (ii) As recomendacións bibliográficas para os traballos tutelados poderán tamén ser mudadas por outras publicacións dispoñíbeis na rede ou en Moodle se o estudantado for incapaz de acceder ás iniciais. (iii) Se houber alumnas ou alumnos con dificultades para se conectaren, estudarase cada caso en particular de maneira a lles proporcionar, a través doutros medios, os materiais necesarios.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.



A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria		A1	
		A2	
		A3	
		A10	
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega		A4	B4
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.		A10	
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica		A15	
Dominar a gramática da lingua galega.		A21	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información			B1
Adquirir capacidade de autoformación			B3
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas			B5
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva			B6
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico			B7
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional			B10
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á Gramática	1.1. Definición, clases, partes e unidades 1.2. A tradición gramatical galega
2. Gramática da cláusula	2.1. Introducción aos estudos de sintaxe 2.2. A frase 2.3. A predicación lingüística 2.4. A cláusula



3. Gramática da palabra	3.1. O verbo 3.2. O nome 3.3. O pronome 3.4. As palabras invariábeis
4. Gramática do texto	4.1. Introducción. Texto e contexto 4.2. As propiedades do texto. Cohesión e coherencia 4.3. A organización da información. Os marcadores discursivos 4.4. As modalidades textuais

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A15 A21 B5 B6 C8	21	21	42
Obradoiro	A4 A10 A21 B1 B3 B5 B7 C7	19	19	38
Traballos tutelados	A1 A4 A15 A21 B1 B3 B5 B6 B7 B10 C6 C7 C8	0	40	40
Presentación oral	A4 A15 B1 B3 B4 B7	2	8	10
Proba mixta	A1 A2 A4 A10 A15 A21 B7 B5 C7	0	19	19
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais precisos para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Realizaranse diversas actividades prácticas, en que se inclúen exercicios escritos, solucións de problemas, probas de discriminación, probas de completar, corrección de textos, análise de fontes documentais, prácticas a través de TIC e traballo en grupo e aprendizaxe colaborativa. Algunhas destas prácticas faranse en horas non presenciais e deberán entregarse nos prazos marcados.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá realizar un traballo tutelado sobre un tema relacionado cos contidos da materia e que deberá escoller de acordo co profesor. Nel deberá verificarse o feito de conseguir información por si propio e a habilidade de interrelacionar diferentes contidos, ao paso que tamén ten de demostrar que posúe unha práctica lingüística de calidade.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, exercicios prácticos etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de atendimento realizado no horario marcado polo profesorado da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". Cada estudante deberá asistir, polo menos, a unha sesión de atendimento previa á entrega e exposición do traballo.

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A4 A10 A15 A21 B7 B5 C7	Constitúe unha proba con elementos diversos (prácticos e teóricos), onde serán valorizados os contidos, a clareza e rigor expositivo, ben como a calidade da lingua utilizada. Entre as preguntas haberá polo menos unha referida ás lecturas obrigatorias.	50
Obradoiro	A4 A10 A21 B1 B3 B5 B7 C7	Será avaliada a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e mais a corrección na análise e na expresión escrita, a capacidade analítica e crítica, así como a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado nas actividades previstas.	15
Traballos tutelados	A1 A4 A15 A21 B1 B3 B5 B6 B7 B10 C6 C7 C8	No traballo que cada estudante ten de realizar concederáse importancia ao tratamento do tema, á clareza expositiva e argumentativa, á calidade da lingua e á capacidade de chegar a conclusións propias.	25
Presentación oral	A4 A15 B1 B3 B4 B7	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorizados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10

### Observacións avaliación

#### Cuestións xerais:

1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 5 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.
2. O alumnado terá de entregar os traballos e as actividades no prazo fixado, os cales deberán cumprir unha exixenciais mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).
3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, terá de se pór en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán contactar con el aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obterem a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.
4. Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas percentaxes que na oportunidade anterior. No caso da presentación oral, marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada, serán aplicados idénticos criterios de avaliación que nos casos anteriores.
5. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumnado non se presentar á proba mixta escrita nin presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

Aviso importante: Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

### Fontes de información



<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Álvarez, R. / Xove, X. (2002). Gramática da lingua galega. Vigo: Galaxia</li> <li>- Azeredo, J. C. de (2008). Gramática Hoauiss da Língua Portuguesa. São Paulo: Publifolha / Houaiss</li> <li>- Báez San José, V. (1988). Fundamentos críticos de la gramática de dependencias . Madrid: Síntesis</li> <li>- Busse, W. / Vilela, M. (1986). Gramática de Valências. Apresentação e Esboço de Aplicação à Língua Portuguesa. Coimbra: Almedina</li> <li>- Dik, S. C (1997). The Theory of Functional Grammar, 2 vols.. Berlin: Mouton de Gruyter</li> <li>- Eliseu, A. (2008). Sintaxe do Português. Lisboa: Caminho</li> <li>- Freixeiro Mato, X. R. (2005). Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito. A Coruña: Área de Filoloxias Galega e Portuguesa da UDC</li> <li>- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da Língua Galega. Vol. II. Morfosintaxe. Vol. IV. Gramática do Texto . Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da Língua Galega. Vigo: Xerais</li> <li>- Halliday, M. A. K. (1994). An Introduction to Functional Grammar . London / New York: Arnold / Oxford University Press</li> <li>- Koch, I. Villaça (2004). Introdução à Linguística Textual . São Paulo: Martins Fontes</li> <li>- Mateus, M. H. M. et al. (2003). Gramática da Língua Portuguesa . Lisboa: Caminho</li> <li>- Moreno Cabrera, J. C. (1987). Fundamentos de sintaxis general . Madrid: Síntesis</li> <li>- Neves, M. H. de Moura (2002). A Gramática. História, Teoria e Análise, Ensino . São Paulo: UNESP</li> <li>- Portolés, J. (2001). Marcadores del discurso . Barcelona: Ariel</li> <li>- Raposo, E. B. Paiva et al. (2013). Gramática do Português. Lisboa: Fund. Calouste Gulbenkian</li> <li>- Sánchez Rei, X. M. (2010). O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias.. A Coruña: Área de Filoloxias Galega e Portuguesa da UDC</li> <li>- Vilela, M. (1992). Gramática de Valências. Teoria e Aplicação . Coimbra: Almedina</li> <li>- Vilela, M. / Villaça Koch, I. (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Almedina</li> <li>- López Viñas, X. et al. (2011). Gramática práctica da lingua galega. A Coruña: Baía Edicións</li> </ul>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Azeredo, J. C. (org.) (2008). Língua Portuguesa em Debate. Conhecimento e Ensino. Petrópolis: Vozes</li> <li>- Báez San José, V. (2002). Desde el Hablar a la Lengua. Prolegómenos a una teoría de la sintaxis y la semántica textual y oracional. Granada: Ágora</li> <li>- Beaugrande, R.-A. de / Dressler, W. U. (1997). Introducción a la lingüística del texto. Barcelona: Ariel</li> <li>- Bosque, I. / Demonte, V. (dirs.) (1999). Gramática descriptiva de la lengua española. Madrid: Espasa-Calpe</li> <li>- Cunha, C. / Cintra, L. (1992). Nova Gramática do Português Contemporâneo. Lisboa: Sá da Costa</li> <li>- Koch, I. Villaça (2002). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez</li> <li>- Mateus, M. H. M. / Xavier, M. F. (orgs.) (1991/1992). Dicionário de Termos Linguísticos. Lisboa: Cosmos</li> <li>- Neves, M. H. de Moura (2000). Gramática de Usos do Português. São Paulo: UNESP</li> <li>- Peres, J. A. / Mória, T. (1995). Áreas Críticas da Língua Portuguesa. Lisboa: Caminho</li> <li>- Sánchez Rei, X. M. (2011). Língua galega e variación dialectal. Ames: Laiovento</li> <li>- Sperber, D. / Wilson, D. (1986). Relevance. Communication and Cognition. Oxford: Basil Blackwell</li> <li>- ( ) . .</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Língua Galega 1/613G02002

Língua Galega 2/613G02014

Língua Galega: Norma e Usos/613G02038

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario



Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías